PROPOSTA DE ACTIVIDADES NO CES GALICIA NO ANO 2025

Unións Agrarias – UPA propón a realización dun informe e a súa correspondente xornada de presentación sobre os seguintes temas:

1. Modelos de xestión pública no desenvolvemento das enerxías renovables galegas

Nos próximos anos prevese a instalación de 2.500 MW adicionais de enerxía eólica en Galicia *onshore* (ubicados en terra) que precisan da base territorial dos montes galegos. Isto abre a posibilidade de participación pública non só nos desenrolos senón tamén na socialización dos beneficios.

2. O futuro do sector do viño en Galicia

O sector do viño de Galicia presenta unhas características de produción e comercialización particulares e é a base da conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e culturais das zonas produtoras, así como o motor doutras actividades produtivas coma o turismo.

Nos últimos anos rexistráronse dificultades para a comercialización das variedades tintas e a situación actual de mercado amosa unha tendencia global de redución do consumo de viño que se prevé que se agrave coa implantación da nova taxa de alcoholemia.

Outros factores que inflúen veñen derivadas do marco normativo sectorial, da falta de relevo xeracional, da dimensión das explotacións, etc.

3. Os retos para a incorporación de man de obra no medio rural de Galicia

O problema demográfico e a falta de relevo xeracional ameaza a continuidade de moitas actividades do medio rural de Galicia, en especial no sector agrario. Isto pon en risco a prestación dos servizos á poboación, a xestión do territorio e a produción de alimentos.

Trátase de avaliar a situación, identificar as necesidades en materias como a dotación de servizos públicos, o acceso á vivenda, etc, e propoñer liñas de actuación que permitan

incrementar a atracción de poboación nova que se estableza no medio rural para vivir e traballar.

Neste informe haberá que ter especial consideración ás necesidades para o arraigamento de persoas traballadoras estranxeiras que tiveron relación co medio rural galego e que non continuaron nel así como as das persoas que poidan vir de terceiros países.